

08



CES
GALICIA

Consello Económico e Social de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



actividades

08



Presentación...

Carta do presidente

Rematou en 2008 o terceiro período de actividade do Consello Económico e Social de Galicia, un mandato cuatrienal que, na miña opinión, consolidou a posición do organismo como referente indispensable da participación da sociedade civil galega no proceso de toma de decisións dos responsables públicos. Estimo que, no noso labor consultivo, as entidades, asociacións e agrupacións representadas no Consello fixeron, cómpre sinalalo expresamente, un bo traballo.

02

Neste ano, tiveron entrada para o correspondente ditame unha ducia de anteproxectos de Lei. O CES pronunciouse sobre asuntos variados e singularmente importantes, desde a futura Lei de Montes –o último ditame aprobado en 2008– ata a de Servizos Sociais, pasando pola de Vivenda, a de Pesca ou a de Comercio Interior, entre outras. Considero que o nivel de análise, a altura do debate e o grao de consenso acadado no traballo poden ser motivo de lexítima satisfacción para todos os membros do Pleno.

Xunto coa actividade marcada polas solicitudes de ditame, o Consello abordou tamén os seus informes a iniciativa propia. Este ano aprobouse o nóveno informe da serie que ven abordando o CES sobre as áreas funcionais de Galicia, adicado a área funcional de A Coruña. A súa presentación, na sede da Diputación provincial, foi seguida con notable interés por responsables políticos locais e medios de comunicación.

O Pleno aprobou tamén a elaboración doutros informes, como os adicados á modernización do ferrocarril ou á problemática da carestía de vida, traballos que están en marcha e, confío, verán a luz pública nos vindeiros meses.

Como cada ano, presentamos tamén a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2007. Todos estes traballos están recollidos, para facilitar a súa consulta, no CD que adxuntamos.

No marco da habitual relación e colaboración cos organismos homólogos noutras comunidades, o CES-Galicia tivo a honra de organizar e albergar este ano o encontro dos Consellos Económicos e Sociais, que trouxeron á nosa terra a presidentes e secretarios xerais destes organismos do todo o Estado. En senllas reunións celebradas en Santiago, en primavera, e en Baiona, en outono, os máximos responsables dos CES españois tivemos a posibilidade de debater e poñer en común experiencias, proxectos e preocupacións, sempre coas miras postas en mellorar a nosa función consultiva, cada un no seu respectivo ámbito. Na presente Memoria de actividades adicamos un apartado especial a este encontro.

Cando arrancaba o meu mandato, a miña responsabilidade como presidente do CES, hai xa catro anos, dicía que chegaba coa máxima ilusión na tarefa encomendada. Pasado todo este tempo, quero manifestar a miña satisfacción co traballo realizado e agradecer a tódolos los membros do Pleno a súa dedicación e esforzo. Sobre as bases xa consolidadas, o futuro do Consello preséntase positivo.

Pablo Egerique Martínez
Presidente



¿Qué é o CES?

PRESENTACIÓN, NATUREZA, FINALIDADE

Por Lei 6/1995, do 28 de xuño, se crea na Comunidade Autónoma Galega o Consello Económico e Social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O obxecto do organismo é facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica, social e cultural e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte da Xunta de Galicia.

04

Na medida que se trata do único órgano onde está representado un amplo número de organizacións socio-profesionais, entidades e asociacións de todo tipo, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia para o exercicio da función consultiva, non só sobre a actividade normativa da Xunta de Galicia en materias de especial transcendencia económico-social, senon tamén para a elaboración de informes, estudos o propostas encamiñadas a unha eventual introducción de reformas no ordenamento vixente. Precisamente por iso, o art. 5º da súa Lei de creación o define como *ente institucional de dereito público consultivo da Xunta de Galicia en materia económica e social* coa finalidade (art. 2º) de *facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia*.

FUNCIÓNS

Para o cumprimento destes obxectivos, o CES-Galicia ten asignadas (art. 5º e Disposición Adicional 2ª) diversas funcións, que se concretan nas seguintes:

A) Emitir dictames (a solicitude preceptiva ou facultativa) sobre proxectos de disposicións normativas e plans xerais ou sectoriais.

1.- Dictames de solicitude preceptiva (art. 5º Lei de creación). Califícanse como tales os que versen sobre:

1.1.- Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia (a norma contempla unha única excepción: o proxecto de lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma).

1.2.- Plans xerais ou sectoriais que teñan relación cos indicados campos.

1.3.- Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, competencias ou funcionamento do propio CES.

1.4.- Materias que teñan que ser consultadas ó CES por precepto expreso dunha lei.

2.- Dictames de solicitude facultativa (art. 5º 1.2. da Lei de creación). Son os referentes a asuntos ou materias (non comprendidos no anterior apartado) que sexan sometidos a consulta polo Consello da Xunta de Galicia ou polos seus membros. A nda que a normativa do CES-Galicia non o

¿Qué é o CES?

especifique expresamente, a materia obxecto de dictame ten que moverse tamén nese ámbito obxectivo do económico-social que dá sentido ó Consello. Todo parece dar a entender que obxecto directo do Dictame solicitado debe ser un proxecto de disposición normativa (Decreto, Orden), porque para a solicitude de pronunciamentos do CES-Galicia sobre outros temas ábrese na Lei de creación a vía da solicitude de informes ou estudos (art. 5º.2).

A decisión de remitir ou non a consulta o proxecto de disposición administrativa corresponde adóptala á consellería correspondente (ou o propio Consello da Xunta) en función da especial transcendencia económico-social do contido da disposición.

06

B) Elaborar estudos ou informes sobre reformas na normativa vixente ou sobre a elaboración de plans e programas para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

Estes traballos poden ser elaborados por propia iniciativa ou a solicitude da Xunta de Galicia e deberán versar sobre as reformas na normativa vixente que se estimen necesarias para favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia ou sobre a elaboración de plans e programas dirixidos á mesma finalidade.

C) Dar a coñecer ó Goberno galego a súa opinión sobre a execución dos plans e programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia, a través da emisión de opinións-recomendacións (art.5º 2 e

¿Qué é o CES?

3). Ademais, o Consello pode, con ocasión da elaboración da súa Memoria sobre a situación económica e social de cada ano, plantexar recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Xunta.

D) Participar en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración autonómica para debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia e definir posibles liñas de actuación (Disposición Adicional Segunda). O CES-Galicia poderá propoñer á Xunta de Galicia a convocatoria de Mesas Sectoriais nas que participen non só as organizacións representadas no mesmo, senón tamén a Administración autónoma, ó obxecto de debater problemas específicos que afecten a sectores estratéxicos de Galicia, a fin de definir as posibles liñas de actuación. Estas mesas sectoriais son tamén o instrumento para evacuar os informes requiridos pola normativa da Unión Europea.

E) Elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta unha Memoria sobre a situación socioeconómica, incluíndo, no seu caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria (art. 5º 3). A normativa do Consello especifica que debe remitirse anualmente á Xunta unha memoria sobre a situación económica e social en Galicia. O seu obxectivo é informar dos datos máis relevantes que configuran a realidade socioeconómica de Galicia no ano anterior á súa publicación.

¿Qué é o CES?

COMPETENCIAS E PROCEDEMENTO EXTERNO

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia, é dicir, as competencias do CES, son as materias socioeconómicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia.

Segundo o acordo tomado polo Consello da Xunta na súa reunión do día 18 de febreiro de 1999, *enténdese por materias socioeconómicas as relativas a economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo.*

08

O procedemento para que o Goberno galego solicite a actuación do CES foi definido tamén polo Consello da Xunta na devandita sesión, nos seguintes termos:

- 1.- *Correspóndelle ó Presidente da Xunta solicitar do Consello Económico e Social de Galicia a emisión de dictames ou informes sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais a que se refire o artigo 5.1.1. da Lei 6/1995, do 28 de xuño, as como aqueles outros dos que a solicitude teña carácter preceptivo.*
- 2.- *Os departamentos ou consellerías con competencias para a elaboración dos anteproxectos, proxectos e plans sinalados no apartado 1 deste acordo, cando fose preceptivo o informe do Consello Económico e Social de Galicia, de acordo coa súa lei de creación, interesaranos do presidente da Xunta.*

¿Qué é o CES?

A petición de dictames irá acompañada de toda a documentación necesaria para se poder pronunciar.

3.- *Cando os departamentos ou consellerías competentes estimen que os anteproxectos, proxectos ou plans a que se refire o punto 1 deste acordo non requiren dictame preceptivo do CES-Galicia, xustificarán o dito extremo mediante a incorporación ó expediente dunha memoria, asinada polo secretario xeral, na que se precisen as razóns polas que non se considera preceptivo o dictame, salvo no caso de que este finalmente se interese.*

Cómpre destacar que a existencia na Comunidade Autónoma do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) —a súa existencia e ámbito de actuación ven respetada pola propia lei de creación do CES-Galicia na Disposición Derradeira Primeira— permite excluír do ámbito de competencias do CES as cuestións relativas ás relacións laborais, *strictu sensu*, xa que a competencia para informar ou dictaminar sobre a actividade normativa na que se concreta a política laboral da Xunta ven atribuída, pola súa lei de creación, o devandito Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL). Este ámbito queda, polo tanto, fóra da actividade do CES e na súa *Memoria* anual, por exemplo, só recolle os datos ofrecidos polo CGRL.

¿Qué é o CES?

COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA

Para o cumprimento dos seus fins e funcións, a lei configura a composición e estrutura do Consello Económico e Social de Galicia en grupos, nos que están representadas as organizacións, entidades e asociacións máis destacadas do ámbito económico e social da comunidade.

O CES-Galicia está formado por 35 membros, incluídos o seu presidente e mailo secretario xeral. Os outros 33 membros distribúíñse en tres grupos:

- >. **Grupo 1:** Os seus once membros son designados polas organizacións sindicais máis representativas segundo os resultados das eleccións sindicais. No Consello séntanse 4 membros do Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia, 4 membros do sindicato UGT-Galicia e 3 da Confederación Intersindical Galega (CIG)
- >. **Grupo 2:** Os once membros do Consello encadrados neste grupo representan ás organizacións empresariais e son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- >. **Grupo 3:** Neste grupo agrúpanse as diversas entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas máis representativas da realidade económica e social de Galicia. O grupo compóñeno 4 membros do sector agrario; 2, do sector marítimo pesqueiro (un da pesca de baixura e outro, da de altura); 2 representantes dos consumidores e usuarios; e 3 das Universidades de Galicia.

¿Qué é o CES?

Cada un destes 33 membros, que son designados polas organizacións, entidades ou asociacións ás que pertencen, ten un suplente para cubri-las súas posibles ausencias ás reunións do Pleno. Cada membro do Consello, agás o secretario xeral, ten un voto persoal e únicamente delegable no seu suplente.

O mandato dos membros do CES é de catro anos, renovables por per odoos iguais. No transcurso do mesmo, os membros poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designasen. Neste caso, o novo membro permanecerá no cargo ata o final de período previsto para o seu antecesor. Os membros do CES teñen dereito a participaren con voz e voto nas sesións do

Pleno e das comisións das que formen parte; asistiren a calquera das comisións sectoriais e expresaren a súa opinión -previa autorización do seu presidente-; dispoñeren da documentación do Consello e de acceso ós traballos desenvolvidos por calquera dos órganos colexiados; presentaren mocións, suxerencias, textos alternativos e enmendas para a súa consideración e deixaren constancia dos seus votos particulares ós acordos adoptados.

No canto dos deberes, os membros do Consello teñen que asistiren ás sesións do Pleno e das comisións ás que pertencen e participaren nos seus traballos; gardaren reserva sobre as actuacións do Consello cando as o decidan os seus órganos e non faceren uso da condición de membro para exercer actividades privadas de carácter mercantil ou profesional.

¿Qué é o CES?

Cada dun destes membros titulares do Consello ten un suplente, que é o encargado de acudir ás sesións do Pleno en caso de ausencia do titular. O voto de cada un dos membros do Consello só é delegable no seu suplente.

ÓRGANOS DO CES-GALICIA

Para o cumprimento das súas funcións e para a participación efectiva dos seus membros nos traballos do Consello, o CES-Galicia actúa a través de dous tipos de órganos:

12 >. **Órganos colexiados:** o Pleno, a Comisión Permanente e as Comisións Sectoriais.

>. **Órganos unipersonais:** o Presidente e o Secretario xeral.

Como órgano de apoio o Consello existe o Gabinete Técnico, integrado por expertos en materias socioeconómicas e que actúa baixo a presidencia do Secretario Xeral.

O Pleno

O órgano de goberno do Consello Económico e Social é o Pleno, composto polos 33 membros representantes das forzas económicas e sociais, o secretario xeral e mailo presidente. Tódolos membros teñen dereito a voto nas sesións, agás o secretario. O máximo órgano do CES reúnese con carácter ordinario cada tres

¿Qué é o CES?

meses (un mínimo de catro veces no ano) e, de xeito extraordinario, sempre que sexa convocado polo presidente ou por acordo da Comisión Permanente. Noutro apartado desta memoria desglósase á actividade do Pleno ó longo deste ano de actividade.

O Pleno adopta os seus acordos por maior a simple de votos. Os casos de posible empate resólvense polo voto de calidade do presidente.

Este órgano é o encargado de establece-las liñas xerais da actuación do Consello, aproba-los estudos, informes ou dictames por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Galicia, acorda-la elaboración de estudos ou informes que podan favorecer o desenvolvemento socio-económico de Galicia e aproba-la memoria sobre a situación económica e social en Galicia. Nas vindeiras páxinas atópase un resumo das actividades do Pleno neste senso.

13

Ademais, o Pleno do CES aproba a proposta de anteproxecto de orzamento e adopta tódolos acordos necesarios para a correcta organización e funcionamento interno.

A Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano colexiado colaborador do Pleno no goberno do Consello. Está composta polo presidente, o secretario xeral e nove membros titulares do CES, a razón de tres representantes da cada un dos grupos do mesmo, para mante-la proporcionalidade da súa representación.

¿Qué é o CES?

A Comisión Permanente reúne-se sempre que é convocada polo presidente, pero tamén por solicitude de, alomenos, tres dos seus membros. É a Comisión a encargada de convoca-lo Pleno e fixar, xunto co presidente, a correspondente orde do día.

Entre as súas funcións, destaca a supervisión das actividades do Consello e a coordinación dos traballos das diferentes comisións, as como efectua-lo seguimento dos dictames, estudos ou informes emitidos polo CES e darlle conta dos mesmos ó Pleno a través do presidente. En xeral, a Comisión Permanente eleva ó Pleno canto estima necesario para o mellor funcionamento do Consello.

14

As Comisións Sectoriais

As comisións sectoriais son grupos de traballo que teñen adscritas as tarefas cotiás do Consello. En xeral, os traballos do CES están repartidos en catro comisións sectoriais, cada unha delas composta por nove membros, tres por cada un dos grupos representados no Consello. Estas catro comisións sectoriais teñen carácter permanente.

A **Comisión Sectorial 1**, denominada Economía, emprego e desenvolvemento territorial, é a encargada de abordar os asuntos de índole preferentemente económica e de desenvolvemento de Galicia.

A **Comisión Sectorial 2**, Calidade de vida e protección social, faise cargo dos estudos ou informes que inciden de xeito primordial nos aspectos sociais da realidade galega.

¿Qué é o CES?

A **Comisión Sectorial 3**, Unión Europea, centra a súa actividade nos retos, tanto económicos como sociais, que a pertenza de Galicia á Unión Europea plantexa á comunidade.

A **Comisión Sectorial 4**, Memoria sobre a situación socioeconómica, ten como misión redactar un informe global sobre o estado da economía e a sociedade de Galicia desde unha óptica xeralizadora.

O Presidente

O presidente do CES é nombrado, para un período de catro anos, polo presidente da Xunta de Galicia, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, despois de consultar ás entidades, organizacións e asociacións representadas no Consello.

15

As competencias específicas atribuídas ó presidente pola normativa do Consello son, entre outras, as seguintes:

- Representa-lo Consello e dirixi-las súas actuacións, en colaboración coa Comisión Permanente.
- Dirixi-los debates dos órganos colexiados que presida, dar por concluídos estes cando considere que a deliberación foi suficiente, someter a votación as propostas correspondentes e proclama-los resultados delas.
- Dirimi-los eventuais empates co seu voto de calidade.

¿Qué é o CES?

- Trasladar ás comisións sectorias correspondentes as solicitudes de dictames, estudos ou informes recibidas e face-lo seguimento do procedemento establecido para a súa elaboración e posterior aprobación polo órgano competente.
- Visa-las actas, ordena-la publicación dos acordos e dispoñe-lo necesario para o seu cumprimento.
- Remiti-los dictames, informes ou estudos á Xunta de Galicia e os conselleiros.
- Executa-los acordos do Pleno e máis a Comisión Permanente e velar polo bo funcionamento do Consello.

16

O Secretario Xeral

O secretario xeral é o órgano de asistencia técnica e administrativa do Consello e o depositario da fe pública dos seus acordos. É nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta conxunta dos conselleiros de Economía e Facenda e de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, entre funcionarios do grupo A, despois de consulta-las entidades, organizacións e asociacións representadas no CES.

¿Qué é o CES?

Entre outras, corresponden ó secretario xeral as seguintes competencias específicas:

- >. Exerce-la dirección administrativa e técnica dos distintos servizos do Consello e velar por que os seus órganos actúen conforme ós principios xerais que informan as actuacións das administracións públicas.
- >. Redacta-las actas das sesións, as que asiste con voz pero sin voto, autorízalas coa súa sinatura e da-lo curso correspondente ós acordos que se adopten.
- >. O secretario xeral exerce a xefatura do persoal do Consello, a dirección do Gabinete Técnico e é o depositario dos fondos do CES, formula as propostas de gasto e libra os pagamentos autorizados.

17

O Gabinete Técnico

O Gabinete Técnico é o órgano de apoio ó Consello e actúa baixo a dirección do secretario xeral. Como órgano colexiado, estará composto por un máximo de catro membros, reconecidos expertos nas materias obxecto dos traballos do CES. Neste momento, o Gabinete conta con dous expertos economistas que están a elaborar os distintos traballos que redacta o Consello.

Membros

Membros titulares e suplentes do Consello Económico e Social de Galicia a data 31 de decembro de 2008:

Membros do CES

Grupos

Organizacións	Membros Titulares	Membros Suplentes
Presidente		Pablo Egerique Martínez
Secretario xeral		Eliseo Sastre Serrano
Grupo 1.- Organización sindicais		
Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia	Clara Gamarra Lozano	Maica Bouza Seoane
	J. Eusebio Justo Santos	Francisco Carrera Pérez
	Eva Aldariz Arias	Auri Vázquez Estraviz
	J. Manuel Fernández Pérez	Xosé Manuel Lado Lestón
Sindicato UGT-Galicia	Juan Ramón País Andrade	Eladio A. Romero Ares
	Javier Otaño Ballesteros	M ^a Carmen Brea Iglesias
	Delia Irene Martínez Conde	Ernesto Fontanes Blanco
	Emilio Bahamonde López	Mar Alfonsín Madrigal
CIG (Confederación Intersindical Galega)	Fernando R. Acuña Rúa	Xavier Rodríguez Fidalgo
	Bautista Vega Tato	Manuel Currás Meira
	Natividade López Gromaz	Héctor López de Castro

Grupo 2.- Organizacións empresariais

Confederación de Empresarios de Galicia	Fausto Santamarina Fernández	José Manuel Maceira Blanco
	Ricardo Fernández Castro	Araceli de Lucas Sanz
	José Manuel Fernández Alvaríño	Laura Otero Rúa
	Manuel Caeiro Varela	José Antonio Neira Cortés
	Pablo Rancaño Otero	Mar Vázquez Fernández
	Manuel Sánchez Aguirre	Marta Amate López
	Fco. Javier García de Paredes Moro	Javier Martínez López
	José María Hidalgo González	Rosa Corral Regueiro
	Ricardo Hoya Jiménez	Rafael Serrano Hernández
	Antón Arias Díaz Eimil	Eugenio Corral Álvarez
	Carlos González Fernández	J. Manuel Rodríguez Tarrío

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións

Unións Agrarias de Galicia	Pedro González Boquete	Javier Iglesias Fernández
Sindicato Labrego Galego	Isabel Vilalba Seivane	Xosé Pérez Rei
Xóvenes Agricultores	Antonio de María Angulo	Andrés Novo Lombao
	Manuel D. Fontela Ríos	Isabel Manzano Maceira
Confrarías de Pescadores de Galicia (Baixura)	Evaristo Lareo Viñas	Jesús Ramón Longueira Suárez
Confrarías de Pescadores de Galicia (Marisqueo)	Manuel Pazos Vázquez	Francisco Javier Martínez Durán
Consello Galego de Consumidores e Usuarios	Aurora Lamas López	Victoria Pardo Télez
	María Josefa Neira González	Olga Pereira Penedo
Universidade da Coruña	Ángel Fernández Castro	Gustavo Rego Veiga
Universidade de Santiago	Miguel Vázquez Taín	X. Manuel Villanueva Prieto
Universidade de Vigo	Santiago Lago Peñas	José Enrique Vázquez Vicente



Reunións Órganos Colexiados

Como ocorre cada ano, o número de sesións que celebra cada unha das comisións sectoriais nas que se reparte o traballo do CES é moi variable. Organizadas por ámbitos temáticos, a complexidade dos traballos encargados determina o número de veces que os seus membros teñen que reunirse. En 2008, o número de sesións dos distintos órganos colexiados foi o seguinte:

20

Pleno	9
Comisión Permanente	9
C. Sectorial 1	15
C. Sectorial 2	28
C. Sectorial 3	12
C. Sectorial 4	11



Traballos

- Ditame 1/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de protección da paisaxe de Galicia
- Ditame 2/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de regulación do imposto sobre sucesións e doazóns de Galicia
- Ditame 3/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de residuos de Galicia
- Ditame 4/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de servizos sociais de Galicia
- Ditame 5/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de vivenda de Galicia
- Ditame 6/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei do turismo de Galicia
- Ditame 7/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de pesca de Galicia
- Ditame 8/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada
- Ditame 9/08 Ditame sobre o anteproxecto de Lei de aeródromos de Galicia
- Ditame 10/08 Ditame Ditame sobre o sobre o anteproxecto de Lei galega de acción voluntaria
- Ditame 11/08 Ditame sobre o sobre o anteproxecto de Lei de ordenación do comercio interior de Galicia
- Ditame 12/08 Ditame sobre o sobre o anteproxecto de Lei de montes de Galicia
- Informe 1/08 Informe sobre as áreas funcionais de Galicia.- IX: Área funcional de A Coruña
- Memoria** Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2007




Encontros CES

A actividade institucional do Consello en 2008 desenvolveuse en parámetros similares a de anos anteriores: relación cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, en particular co seu presidente; achegamentos a organismos homólogos e participación nos ámbitos suprarrexionais como a Rede Transnacional Atlántica (RTA), que pasa por un período de redefinición de obxectivos; e comparecencia do presidente no Parlamento de Galicia.

22

A gran novidade deste exercicio foi o papel do CES-Galicia como anfitrión do encontro anual de Consellos Económicos e Sociais autonómicos o do Estado. Neste 2008 tivemos a honra de contar en Galicia cos máximos representantes destes organismos. No disco que contén a presente **Memoria de actividades** incluímos, canda unha ampla selección gráfica das dúas reunións celebradas –en Santiago de Compostela e Baiona (Pontevedra)–, as intervencións dos presidentes e secretarios xerais dos CES participantes. O interese dos asuntos debatidos, a altura das intervencións e, por qué non dicilo, o magnífico ambiente que presidiu os actos fan que estemos lexitimamente orgullosos do noso labor.



Actividade Centro de Documentación

Durante 2008 o persoal técnico e membros do CES empregaron o noso Centro de Documentación en maior medida se cabe que o ano anterior. A totalidade desas demandas foi cuberta polo Departamento mediante respostas puntuais, elaboracións de listados de recursos de información ou dossiers bibliográficos sobre as temáticas consultadas. A maior parte destas solicitudes de información proveñen dos técnicos do CES e tentan responder as cuestións plantexadas á hora de elaborar os diferentes informes e especialmente á Memoria anual sobre a situación económica e social da C.A.

23

Ese incremento fixo que o número de solicitudes externas (de cidadáns que se dirixen ó Centro de Documentación buscando solucións ás súas necesidades de información) non poideran ser solucionadas na súa totalidade. A tipoloxía principal destas solicitudes son a búsqueda de datos estatísticos sobre aspectos ou sectores económicos determinados.

Actividade Centro de Documentación

CONSULTAS RECIBIDAS POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Distribución segundo a súa procedencia	
TOTAIS	96
INTERNAS (persoal e membros do CES)	
>. solicitudes efectuadas	85
>. solicitudes respostadas	85
EXTERNAS (persoas alleas ó CES)	
>. solicitudes efectuadas	16
>. solicitudes respostadas	11

24

Polo que atinxe ás peticións efectuadas polo Centro de Documentación para a elaboración de informes, ditames e resto dos traballos do CES Galicia, o número de consultas vaise reducindo paulatinamente estes últimos anos por dous motivos básicos: a cada vez maior dispoñibilidade de datos na Internet, o que facilita moito a localización destes e a propia experiencia interna de anos anteriores que aproveita os contactos persoais e os recursos informais de coñecemento para acadar os datos necesarios para os traballos, alixerando procesos e reducindo tempos de búsqueda e consulta.

Actividade Centro de Documentación

CONSULTAS RECIBIDAS POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Consultas externas realizadas polo Centro de Documentación para responder ás demandas informativas necesarias en relación ós traballos realizados polo CES Galicia

Consultas totais	
>. consultas e peticións efectuadas	80
>. consultas e peticións respostadas	61
Distribución segundo destino	
Elaboración de informes e dictames	
>. efectuadas	21
>. respostadas	9
Elaboración de informes e dictames	
>. efectuadas	59
>. respostadas	52

25

Os fondos documentais do CES Galicia

Durante o ano 2008 o CES Galicia continuou incrementando os seus fondos bibliográficos mediante un proceso de selección moi especializado e enfocado á obtención dos recursos de información fundamentais para os traballos que realizamos pero ademais cunha necesaria planificación que permita adiantarse ás necesidades futuras do persoal técnico e dos membros do CES.

Este ano produciuse unha reordenación física dos fondos bibliográficos, repartidos agora entre a Biblioteca (monografías e fondos antigos de publicacións periódicas), a Hemeroteca (publicacións estatísticas, documentos de traballo e

Actividade Centro de Documentación

parte da colección de revistas) e o propio Departamento de Documentación (monografías profesionais, parte da colección de revistas e publicacións en soporte CD-Rom).

Tamén hai que salientar o importante incremento de publicacións das que se conservan copias en formato dixital (principalmente no formato pdf) nos servidores do CES. En 2008 esta colección chegou ata 219 rexistros, case duplicando os existentes no ano anterior.

FONDOS DOCUMENTAIS

26

Novas incorporacións ao catálogo bibliográfico durante o ano 2008

Monografías (estudios, informes, traballos, actas de congresos, publicacións colectivas...)	164
--	-----

Artigos e colaboracións (artigos en revistas especializadas, publicacións en monografías, ponencias de congresos...)	136
---	-----

Fondos existentes a 31/12/2008

Monografías	1.410
• papel	1.152
• cd-rom	41
• formato dixital (pdf e outros)	217

Publicacións periódicas abertas (revistas, anuarios, publicacións estatísticas, documentos de traballo...)	161
---	-----

Actividade Centro de Documentación

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Distribución segundo a súa tipoloxía

• revistas	45
• documentos de traballo e literatura gris	13
• memorias e anuarios de organizacións	47
• publicacións estatísticas	56

Obxectivos para 2009

Para o ano 2009 o principal esforzo do Centro de Documentación vai estar centrado na actualización e renovación da súa sección dentro da páxina web do CES Galicia dunha banda e no desenvolvemento dunha intranet propia adicada ao personal técnico do Consello e aos membros a través da rede informática interna.

No relativo á actualización da páxina web, preténdese renovar por completo a colección de enlaces especializados en información socioeconómica de Galicia así como presentar na web un apartado adicado a dar a coñecer ao público en xeral as principais novidades bibliográficas incorporadas aos nosos fondos, retomando en certa medida a publicación do Boletín-E do Centro de Documentación.



**XUNTA
DE GALICIA**

